

PALABRA DE VIDA

Decembro 2025

«Os confíns da terra verán a salvación do noso Deus» (Is 52, 10).

Levado ao exilio en Babilonia, o pobo de Israel perdeuno todo: a súa terra, ao seu rei, o templo, e con el a posibilidade de dar culto ao seu Deus, o cal o empuxaba a saír de Exipto no pasado.

E velaquí que a voz dun profeta fai un anuncio sorprendente: é hora de volver a casa. Unha vez máis, Deus intervirá con poder e levará de novo aos israelitas cruzando o deserto ata Xerusalén. E dese evento prodixioso serán testemuñas todos os pobos da terra:

«Os confíns da terra verán a salvación do noso Deus».

Tamén hoxe a crónica está chea de noticias alarmantes: persoas que quedan sen traballo, saúde, seguridade nin dignidade; mozos que ven perigar o seu futuro por mor da guerra, da pobreza provocada polos cambios climáticos nos seus países; pobos que xa non teñen terra nin paz nin liberdade.

Un escenario trágico afecta a todo o planeta, déixanos sen alento e ensombrece o horizonte. Quen nos salvará da destrución de todo o que criamos posuír? A esperanza parece fóra de lugar. E con todo, o anuncio do profeta é tamén para nós:

«Os confíns da terra verán a salvación do noso Deus».

A súa palabra revela a acción de Dios na historia persoal e colectiva e convida a abrir os ollos aos signos deste proxecto de salvación. De feito esta xa está a actuar na pasión educativa dunha mestra, na honestidade dun empresario, na rectitude dunha administrativa, na fidelidade dos esposos, no abrazo dun neno, na tenrura dun enfermeiro, na paciencia dunha avoa, na valentía de homes e mulleres que se opoñen pacificamente á criminalidade, na acollida dunha comunidade.

«Os confíns da terra verán a salvación do noso Deus».

Achégase o Nadal. No signo da inocencia desarmada do Neno, podemos recoñecer unha vez máis a presenza paciente e misericordiosa de Dios na historia humana e testimoniárla coas nosas decisións ao contraxeito:

«[...] nun mundo como o noso, no que se teoriza sobre a loita, a lei do máis forte, do máis astuto e do que non ten escrúpulos, e onde ás veces todo parece paralizado polo materialismo e o egoísmo, a resposta é o amor ao próximo. Esta é a medicina que lle pode devolver a saúde. [...] É como un refacho de calor divina que se irradia e propágase, penetrando nas relacións entre unha persoa e outra, entre un grupo e outro, e transformando aos poucos a sociedade»¹.

¹ C. Lubich, Palabra de vida de mayo de 1985: *Palabras de Vida/1 (1943-1990)* (ed. F. Ciardi), Ciudad Nueva, Madrid 2020, pp. 339-340.

Como para o pobo de Israel, tamén para nós chegou o momento de poñer-nos en camiño; é a ocasión propicia para dar un paso adiante con decisión cara a todos aqueles –mozos ou anciáns, pobres ou migrantes, parados ou sen teito, enfermos ou pre-sos- que esperan un xesto de atención e de proximidade, testemuño da presenza dócil, pe-ro eficaz do amor de Dios no medio de nós.

Hoxe, os confíns ata os que hai que levar este anuncio de esperanza son sen dúbida os xeográficos, que tan a miúdo convértense en muros ou dolorosas liñas de guerra; pero tamén os culturais e existenciais. Ademais, unha achega eficaz para superar a agresividade, a soidade e a marxinación pode provir de comunidades dixitais, encar-nadas en moitos casos por mozos.

Como escribe o poeta congoleño Henri Boukoulou: «Oh, divina esperanza! Velaquí que no salouco desesperado do vento esbózanse as primeiras frases do máis fermoso poema de amor. E mañá é a esperanza!»².

Letizia Magri e o equipo da Palabra de Vida

² Cf. Aa.Vv., *Poeti Africani Anti-Apartheid*, I vol., Edizioni Milano, 2003.